

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha rede creada en 1997 para consensuar e concentrar os esforzos das administracións locais galegas no eido da cooperación ao desenvolvemento. Ao longo dos seus 15 anos de vida ten apoiado máis de 140 proxectos, concentrados principalmente en Cabo Verde, Nicaragua, Cuba e Perú. Ao mesmo tempo impulsou desde as administracións locais unha cultura de Dereitos Humanos en Galicia.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade celebra 15 anos de traballo cun gran evento o 30 de novembro en Santiago de Compostela, que estará conducido pola actriz Mariana Carballal. Expertas e expertos de Galicia e internacionais compartirán mesa para analizar a cooperación municipalista no mundo e debater sobre a situación do sistema galego de cooperación diante da crise.

Entregaranse ademais os premios do concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo' e presentarse o documental sobre o Fondo Galego elaborado por voluntariado da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso). Durante o evento, os contos da Tropa de Trapo e outras sorpresas serán parte da celebración. A gala, con entrada libre, culminará as actividades conmemorativas que arrincaron en xaneiro coa publicación do libro '15 anos de andaina, a rede solidaria do municipalismo galego'.




XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega



Colabora



CONCELLO DE
SANTIAGO

www.fondogalego.org

Comprometéndonos
coa solidariedade



VII XORNADAS DE COOPERACIÓN



VENRES 30 DE NOVEMBRO

Santiago de Compostela, edificio Cersia (San Lázaro)

R/Alcalde Raimundo López Pol, s/n

9:00 - 9:30 |

Recepción de participantes e entrega de documentación.

9:30 - 9:45 |

Inauguración das Xornadas: Representantes da Xunta de Galicia e **Teresa París**, presidenta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

9:45 - 11:10 |

Mesa 1: O sistema galego de cooperación na encrucillada da crise.

Carlos Teijo, profesor na Facultade de Dereito da USC e membro do Congacode entre 2005 e 2009.

Emilio Martínez Rivas, economista e vogal independente no Congacode. Foi presidente da Coordinadora galega de ONGD entre 1998 e 2005.

José Luis Quintela, membro da Comisión Executiva do Fondo Galego polo Concello da Coruña como vogal de relacións coas ONGD. Foi vicepresidente do Congacode entre 2006 e 2011.

María Reimóndez, escritora, tradutora e presidenta de Implicadas no Desenvolvemento.

Moderador: Tino Santiago, xornalista da CRTVG.

11:15 - 12:15 |

Mesa 2: A cooperación municipalista, avances e límites no 15º aniversario do Fondo.

Nuria Camps, presidenta do Consell de Cooperació al Desenvolupament da Generalitat de Catalunya e directora de Avaluem.cat. Foi xerente do Fons Català entre 1987-2006 e coordinadora da Confederación de Fondos entre 1995-2005.

Hermínia Ribeiro, subdirectora e coordinadora de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no Instituto Marquês de Valle Flôr (Portugal). Foi tamén presidenta da Plataforma Portuguesa das ONGD entre 2009 e 2011.

Daniel González Palau, investigador do Igadi e actual secretario do Fondo Galego, autor de 'Os irmandamentos en Galicia: globalización, redes e goberno local'.

Moderadora: Natalia Puga, xornalista en Pontevedra Viva e integrante de Agareso.

12:15 - 12:30 |

Café de comercio xusto

12:30 - 14:00 |

Evento de conmemoración de 15 anos de compromiso, conducido por Mariana Carballal.

Localización: Edificio Cersia, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n (San Lázaro), Santiago de Compostela, 30 de novembro. Para inscribirse ou para calquera información relativa ao Fondo Galego e as VII Xornadas de cooperación contacte coa Secretaría, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi - Illa de San Simón) 698 156 127

Comprometéndonos
coa solidariedade



**VII XORNADAS
DE COOPERACIÓN**



VENRES 30 DE NOVEMBRO

Santiago de Compostela, edificio Cersia (San Lázaro)
R/Alcalde Raimundo López Pol, s/n